



# Manual da VPN para Android 4.x e superior

## Instalación

1. Instala a aplicación OpenVPN Connect, que podes atopar [en Google Play](#).




2. Descarga o arquivo `vpn-UDP4-1194-config.ovpn` no dispositivo Android. Alternativamente, podes enviar todo o contido do arquivo `vpn-UDP4-1194-config.zip`. Verás un arquivo con extensión `p12`, outro `key` e outro `ovpn`. É preciso que os tres estean gardados no mesmo directorio.
3. Arrinca a aplicación OpenVPN Connect e selecciona `Import » Import profile from SD Card`. No navegador de arquivos que se abre, atopa e selecciona o arquivo coa extensión `ovpn` que corresponda.
4. A aplicación tentará atopar a certificación. Debes seleccionar a única opción que debería aparecer e premer en `Permitir`.
5. Introduce o teu usuario do CiTIUS e o contrasinal. Preme en `Conectar`.



6. Recibirás unha advertencia sobre o uso desta VPN e a posibilidade de que a aplicación intercepte todas as comunicacións, que debes aceptar.
7. Unha vez feito, a aplicación conectarase automaticamente.

## Conectarse e desconectarse da VPN

1. Abre a aplicación OpenVPN Connect e preme no botón Conectar ou Desconectar. Pode que volvas recibir a advertencia sobre a posibilidade de que a aplicación intercepte as comunicacións se reinicias ou apagas o dispositivo.



From:

<https://wiki.citius.usc.es/> - Wiki do CiTIUS

Permanent link:

<https://wiki.citius.usc.es/centro:servizos:vpn:android?rev=1518623579>

Last update: **2018/02/14 16:52**

